

AS FILLAS BRAVAS E O MITO DE CASANDRA
COPLAS QUE SE CANTAN NA OBRA

FILLAS BRAVAS

Ai, chámachesme filla brava
Coidaches que me ferías
Non me sinto avergonzada
Se era iso o que querías
Ai alalalala...

Ai, para gobernar o mundo
Muller non é coma home
Cantámolo con orgullo
Nós somos moito mellores
Ai alelo ai alalo..

JOTA DE CASANDRA

Heiche de cantar Casandra
heiche de cantar meniña
pra que todo o mundo fagha
caso das túas profecías
Ailalalála

Por non querer a Apolo
mandouche unha maldición(e)
e por moito que te esforzas
non che cren as predicción(es)
Ailalalála

Ti ben sabías Casandra
Que Troia había de arder(e)
Ninguén che deu atención(e)
E non quedou nada en pé
Ailalalála

Unhas chamábanche tola
Outras disque incomprendida
E fuches encadeada
Pola túa propia familia
Ailalalála

Heiche de cantar Casandra
Heime cansar de cantar(e)
Pra que non dighan que mentes
Cando te escoiten falar(e)
Ailalalála

LISÍSTRATA

1

Os homes están na guerra

E dela volver non queren

Se os homes están na guerra

Que fagamos as mulleres?

Ai lisístrata

Ai lisístrata

Ai lalá lalá....

Ai lisístrata

Ai lisístrata

Para que nos mandaches chamar?

2

Se os homes queren mollare

Despois de deixarnos soas

Se os homes queren mollare

Que freguen as súas pirolas

Ai lisístrata

Ai lisístrata

Ai lalá lalá...

Ai lisístrata

Ai lisístrata

Para min que nos queres matar

3

Ai lisístrata

Ai lisístrata

Ai lalá lalá...

Ai lisístrata

Ai lisístrata

Se hai guerra, non hai "fuchicar"

MUIÑEIRA DA EMERXENCIA

Vamos todas as mulleres
Empezando por Momán
Se esperamos polos homes
Tarde imos empezar

Pra solucionar
O que cambiou o clima
Hai que actuar
E non esperar
Para volver ao regho
Hai que cambiar

Non se para coa calor
Cando había de chover(e)
E mirando para o ceo
Pouco ou nada imos facer.

Pra solucionar
O que cambiou o clima
Hai que actuar
E non esperar
Para volver ao regho
Hai que cambiar

Neste mundo desigual(e)
Non hai xustiza climática
Os que menos contaminan
Sofren xa esta desgraza

Pra solucionar
O que cambiou o clima
Hai que actuar
E non esperar
Para volver ao regho
Hai que cambiar

Botádelle a culpa á industria
E á industrialización(e)
Pero en cambiar de vida
É onde está a solución(e)

Pra solucionar
O que cambiou o clima
Hai que actuar
E non esperar
Para volver ao regho
Hai que cambiar

MUIÑEIRA DO RESPETO Á TERRA

Nós dun ano para outro
dámoslle descanso ás terras
e gardamos as sementes
que non somos da Transxenia
e gardamos as sementes
que non somos da Transxenia

Retrouso

E fertilizamos
sempre con compós(e)
con auga de ortiga
dámoslle ao pulghón(e)
dámoslle ao pulghón(e)
dámoslle ao pulghón(e)
e tamén borralla
para o caracol(e).

A DANSA DAS AVOAS E MAIS AS NETAS

Nin o vento nin o frío
nin a calor ia xiada
veñen cando viñan vindo
veñen cando lles dá a gana

Na banda dalá do río
ten meu pai un castiñeiro
dá castañas en agosto
uvas brancas en xaneiro

Retrouso:

*Avoa, lara, avoa
Avoa, voute escoitar,
Avoa, lará, avoa,
A terra vou respetar
A terra vou respetar
A terra vou respetar,
Avoa, lará, avoa,
Avoa, lará, tras, tras.*

Ai veñen os mariñeiros
cantando nas súas dorniñas
veñen de moi lonxe todos
porque xa non hai sardiñas

Maruxa se vas ao monte
Maruxa non sexas tola
mira que vén un incendio
e quéimache a leña toda

Retrouso:

*Avoa, lara, avoa
Avoa, voute escoitar,
Avoa, lará, avoa,
A terra vou respetar
A terra vou respetar
A terra vou respetar,
Avoa, lará, avoa,
Avoa, lará, tras, tras.*

Imos da-la despedida
mais non é para acabar-e,
é pra lle dar o planeta
a quen o saiba coidare.

Retrouso